


PROXECTO LINGÜÍSTICO



CRA DE VALGA

2023-2024

DATA APROBACIÓN POLO CLAUSTRO: 28 de maio de 2024

DATA APROBACIÓN POLO CONSELLO: 28 de maio 2024

DATA 1ª REVISIÓN:

DATA 2ª REVISIÓN:

| | |
|---|----|
| 1. INTRODUCCIÓN | 3 |
| 2. CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO | 4 |
| 2.1. SITUACIÓN DO ALUMNADO | 5 |
| 2.2. SITUACIÓN DO PROFESORADO | 5 |
| 2.3. RESULTADOS DA ENQUISA SOBRE A LINGUA PREDOMINANTE EN EDUCACIÓN INFANTIL | 5 |
| 3. OBXECTIVOS XERAIS PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA | 6 |
| 4. LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA | 10 |
| 5. DECISIÓN DO CENTRO EDUCATIVO RESPECTO DAS LINGUAS QUE SE IMPARTIRÁN NAS ÁREAS | 11 |
| 6. MATERIAIS E RECURSOS ESPECÍFICOS | 12 |
| 7. MEDIDAS DE APOIO E REFORZO PARA O CORRECTO USO LINGÜÍSTICO E PARA O ALUMNADO CON INSUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS | 13 |
| 8. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA | 14 |
| 8.1. FUNCÍONS | 14 |
| A. COORDINADOR/A | 14 |
| B. EQUIPO | 15 |
| 9. PLURILINGÜISMO | 16 |
| 10. AVALIACIÓN | 17 |

1. INTRODUCCIÓN

Como ben se reflicte no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, as linguas constitúen un elemento básico de identidade cultural e representan un valor fundamental de cohesión dunha comunidade. O Estatuto de Autonomía de Galicia, no su artigo 5, define o galego como lingua propia de Galicia e dispón que os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e que todos e todas teñen o dereito de coñecelos e usalos.

O Plan de Normalización Lingüística do ano 2004 recoñece a presenza dos denominados Equipos de Dinamización da Lingua Galega (en diante EDLG) dentro dos centros educativos como organizadores e colaboradores da actividade académica e extraescolar do centro.

En relación ao marco legal o presente documento baséase na normativa vixente, tendo como principais referentes os que seguen:

- **Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril**, do Estatuto de Autonomía para Galicia.
- **Lei 3/1983, do 15 de xuño**, de Normalización Lingüística.
- **Decreto 79/2010, do 20 de maio**, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- **Instrución** para a aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, tras os pronunciamentos das sentenzas do Tribunal de Xustiza de Galicia sobre este tema.
- **Decreto 150/2022, do 8 de setembro**, polo que se establece o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

- **Orde do 8 de setembro de 2021** pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

2. CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO

O CRA de Valga está situado no concello de Valga, no norte da provincia de Pontevedra, e constituído por 6 aulas de Educación Infantil, distribuídas nas 6 escolas de Campaña, Chenlo, Ferreirós, Forno, Vilarello e Xanza.

Os alumnos e alumnas matriculados no centro proceden na súa totalidade do ámbito rural, onde se combina a actividade agrícola con outros traballos, principalmente do sector da construción e servizos. Aínda que cómpre sinalar que nos últimos anos aumentou a matriculación de alumnado procedente doutros Concellos próximos e non tan próximos de carácter semiurbano e urbano.

Atopámonos nunha área onde se emprega o galego en practicamente tódolos ámbitos, tanto formais como informais, xa que é a lingua empregada pola comunidade nas relacións entre si, na vida administrativa, con distintas asociacións culturais, con institucións de diversa índole coas que se relaciona a escola e na maior parte das familias, aínda que detectamos algúns casos de familias castelanfalantes e outros nos que aínda que as familias son galegofalantes, empregan o castelán para falar cos fillos e fillas, o que se traduce nun 20% de alumnado castelanfalante.

O noso centro educativo ten unha boa situación académica da lingua galega, presente en toda a documentación oficial, nos carteis, rótulos, notas, folletos informativos, avaliacións...

O galego é a lingua empregada para a comunicación coas familias (trípticos, notas informativas, mensaxería, etc.), na biblioteca, nas TICs, ..., tal e como se indica na lexislación vixente.

2.1. SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO ALUMNADO

Na súa grande maioría, o alumnado emprega o idioma galego na súa vida cotiá, tanto no ámbito familiar como no escolar. Con todo, como xa adiantamos anteriormente, rexístrase un 20% de alumnado castelanfalante e, entre as nenas e nenos galegofalantes, con respecto a determinadas situacións de xogo (superheroes e superheroínas, xogo simbólico en xeral) detéctase un maior uso do castelán.

2.2. SITUACIÓN DO PROFESORADO

Hai un emprego maioritario do galego entre o persoal docente, sendo este principalmente galegofalante, aínda que hai profesorado que alterna o emprego do castelán nalgún momento. A lingua empregada polo profesorado na súa labor docente é o galego, xa que esta resulta ser a lingua materna maioritaria entre o alumnado.

A actitude e dispoñibilidade do profesorado cara o desenvolvemento do proxecto de dinamización lingüística é positiva, pois ademais do EDLG, todo o profesorado colabora e participa nas actividades propostas.

2.3. RESULTADOS DA ENQUIZA SOBRE A LINGUA PREDOMINANTE EN EDUCACIÓN INFANTIL

Os alumnos e alumnas que acoden ás nosas escolas proceden case na súa totalidade do ámbito rural, polo que nos atopamos nunha área onde se emprega o galego en practicamente todos os

ámbitos, tanto formais como informais, xa que é a lingua maioritaria empregada por practicamente toda a comunidade educativa, aínda que nos últimos anos incrementouse o alumnado castelanfalante.

A comezo de cada curso as familias do novo alumnado participan nunha enquisa sobre a situación lingüística dos seus fillos e fillas. Todos os anos os resultados indican que o galego é a lingua predominante no ámbito familiar, e que é a lingua materna predominante.

Atendendo ao *Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia*, e ás *Instrucións para a súa aplicación*, a lingua vehicular nas aulas será a galega. Con todo, para que o noso alumnado sexa competente nas dúas linguas cooficiais da nosa comunidade, o profesorado terá en conta o castelán, levando a cabo diferentes actividades tales como contos, cancións, xogos, etc.

Así mesmo o galego emprégase como lingua vehicular no centro, tanto na documentación, coma nas relacións coa administración ou nas relacións con outras institucións, nas comunicacións coas familias, no rotulado do centro, na cartelería das aulas, nas redes sociais e en todo tipo de actividades que se levan a cabo.

3. OBXECTIVOS XERAIS PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

| Obxectivo 1 Fomentar o uso do galego como lingua vehicular para toda a comunidade educativa | | | | |
|--|--|---------------|---------------|---------------|
| Acción 1 | Participación en todos os Proxectos Documentais Integrados, proxectos de investigación, etc. que se levan a cabo cada ano. | | | |
| | Temporalización | | | |
| | 1º A ☒ | 2º A ☒ | 3º A ☒ | 4º A ☒ |
| Indicador | Proporcionar materiais, contos, audios ou vídeos ao profesorado, que permitan enriquecer os recursos cos que xa contan para poder promover | | | |

| | | | | |
|-----------------------------|---|---------------|---------------|---------------|
| | unha visión positiva da nosa lingua e da nosa cultura en calquera dos temas que se traballen. | | | |
| Responsables | EDLG en coordinación cos demais equipos de coordinación do centro así como as titoras de aula, familias e institucións e organismos. | | | |
| Recursos e materiais | Subvención que anualmente concede a Consellería dirixida ao fomento do uso do galego, material impreso do centro, de institucións, organismos públicos ou privados e asociacións, recursos humanos da comunidade educativa, materiais ao alcance do profesorado (páxinas web, dicionarios...) | | | |
| Acción 2 | Deseñar propostas de actividades para as distintas conmemoracións fomentando o uso da lingua galega ademais de colaborar e/ou organizar distintas actividades como: Magosto, Samaín, Nadal, Entroido, xornadas de convivencia, saídas, festa de fin de curso. | | | |
| | Temporalización | | | |
| | 1º A ☒ | 2º A ☒ | 3º A ☒ | 3º A ☒ |
| Indicador | Elaboración, recompilación e/ou compra de materiais didácticos en lingua galega que lle garantan ao alumnado competencia lingüística en galego. | | | |
| Responsables | EDLG en coordinación co equipo de Biblioteca coa colaboración de todo o profesorado. | | | |
| Recursos e materiais | Todos os recursos de dinamización da lingua galega dos que dispoñemos no CRA, creación de distinto material utilizando sempre como lingua vehicular o galego. | | | |

| | | | | |
|--|---|---------------|---------------|---------------|
| Obxectivo 2 Empregar a lingua galega en todo tipo de actividades organizadas polo centro, así como en todo tipo de documentos escritos que se elaboren. | | | | |
| Acción 1 | Elaboración de materiais escritos en colaboración coa biblioteca no que se recomendan libros e contos para nenos e nenas e adultos en galego. | | | |
| | Temporalización | | | |
| | 1º A ☒ | 2º A ☒ | 3º A ☒ | 4º A ☒ |
| Indicador | Adquisición de material en galego (libros de consulta, libros de lectura, contos, material multimedia e software), coa finalidade de ampliar os fondos da biblioteca do centro base e das bibliotecas de aula de cada unha das escolas. | | | |
| Responsables | EDLG e Equipo Directivo coa colaboración de todo o profesorado. | | | |

| | | | | |
|-----------------------------|---|---|---|---|
| Recursos e materiais | Todos os recursos de dinamización da lingua galega dos que dispoñemos no CRA, creación de distinto material utilizando sempre como lingua vehicular o galego. | | | |
| Acción 2 | Exposición de xogos (de mesa, no patio...) para enriquecer as opcións dos nenos e nenas para poder xogar en galego. | | | |
| | Temporalización | | | |
| | 1º A <input checked="" type="checkbox"/> | 2º A <input checked="" type="checkbox"/> | 3º A <input checked="" type="checkbox"/> | 4º A <input checked="" type="checkbox"/> |
| Indicador | Exposición de material para a animación á lectura relacionado cos centros de interese que se estean a traballar nas aulas. Os libros estarán expostos durante semanas para que os nenos e nenas os vexan, os manipulen e os leven para ler. | | | |
| Responsables | EDLG coa colaboración de todo o profesorado. | | | |
| Recursos e materiais | Todos os recursos de dinamización da lingua galega dos que dispoñemos no CRA, creación de distinto material utilizando sempre como lingua vehicular o galego. | | | |

| | | | | |
|--|---|---|---|---|
| Obxectivo 3 Contribuír ao enriquecemento do coñecemento do noso alumnado en relación co propio de Galicia, facendo especial énfase en personaxes ilustres, escritores e escritoras, festas tradicionais, costumes, tradicións populares e música e baile tradicional. | | | | |
| Acción 1 | Participar activamente nas actividades propostas polo equipo de dinamización da biblioteca contribuindo á difusión da lingua, literatura e historia galegas, e colaborando na creación e difusión de materiais de animación á lectura en diferentes soportes. | | | |
| | Temporalización | | | |
| | 1º A <input checked="" type="checkbox"/> | 2º A <input checked="" type="checkbox"/> | 3º A <input checked="" type="checkbox"/> | 4º A <input checked="" type="checkbox"/> |
| Indicador | Fomentar e coñecer cultura e tradición galegas por parte do todo o alumnado. | | | |
| Responsables | EDLG | | | |
| Recursos e materiais | Todos os recursos de dinamización da lingua galega dos que dispoñemos no CRA, creación de distinto material utilizando sempre como lingua vehicular o galego. | | | |

| | | | | |
|-----------------------------|---|---|---|---|
| Acción 2 | Fomentar o uso das TICs en galego, promovendo o emprego de software, de materiais multimedia e/ou da pizarra dixital en galego. | | | |
| | Temporalización | | | |
| | 1º A <input checked="" type="checkbox"/> | 2º A <input checked="" type="checkbox"/> | 3º A <input checked="" type="checkbox"/> | 4º A <input checked="" type="checkbox"/> |
| Indicador | Fomentar o uso da lingua galega na utilización das TICs en toda a comunidade educativa propoñendo actividades de búsqueda de información. | | | |
| Responsables | EDLG | | | |
| Recursos e materiais | Recursos dixitais como ordenadores, tabletas electrónicas, PDI, diferentes páxinas web... | | | |

| Obxectivo 4 Proporcionar á comunidade educativa información sobre a normativa vixente no tocante ao uso da lingua galega. | | | | |
|--|---|---|---|---|
| Acción 1 | Promover diversas actividades que contribúan a unha valoración positiva da lingua galega. | | | |
| | Temporalización | | | |
| | 1º A <input checked="" type="checkbox"/> | 2º A <input checked="" type="checkbox"/> | 3º A <input checked="" type="checkbox"/> | 4º A <input checked="" type="checkbox"/> |
| Indicador | Participación de todo o profesorado. | | | |
| Responsables | EDLG | | | |
| Recursos e materiais | Todos os recursos de dinamización da lingua galega dos que dispoñemos no CRA, creación de distinto material utilizando sempre como lingua vehicular o galego. | | | |
| Acción 2 | Velar polo cumprimento do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia. | | | |
| | Temporalización | | | |
| | 1º A <input checked="" type="checkbox"/> | 2º A <input checked="" type="checkbox"/> | 3º A <input checked="" type="checkbox"/> | 4º A <input checked="" type="checkbox"/> |
| Indicador | Participación de todo o profesorado. | | | |
| Responsables | EDLG | | | |
| Recursos e materiais | Lexislación vixente. | | | |

4. LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

O que se pretende é acadar unha participación activa por parte do alumnado nas diferentes actividades programadas, coidando a linguaxe de maneira que repectemos tódalas sensibilidades (inclusiva, non sexista) e espertar o interese e amor pola lingua.

Unha vez formulados os obxectivos que se pretenden acadar ao longo da vixencia deste proxecto e que se concretarán anualmente na addenda correspondente a cada curso escolar, expóñense unha serie de actividades que poderán ser levadas a cabo polo EDLG para a consecución de ditos obxectivos:

- Dar a coñecer a orixe e historia de tradicións propias da zona.
- Proporcionar materiais que permitan afondar nos contidos propios de determinadas conmemoracións e festas tradicionais: Magosto, Samaín, Entroido, Día das Letras Galegas, etc.
- Realización de actividades abertas a toda a comunidade educativa sobre a celebración das festas tradicionais.
- Campañas de animación á lectura a través de contacontos, exposicións na biblioteca.
- Participación e difusión de actividades relacionadas co uso do galego e coa cultura propia de Galicia organizadas por institucións da contorna.
- Realización de obradoiros, charlas, que impliquen a participación activa das familias do alumnado.
- Realización de saídas didácticas relacionadas co ámbito da lingua galega e das tradicións populares, así como da contorna natural e cultural.
- Programación de visitas ao centro por parte de contacontos, escritores/as, ilustradores/as ou artesáns/ás.

- Uso da radio escolar para fomentar o uso do galego.

5. DECISIÓN DO CENTRO EDUCATIVO RESPECTO DAS LINGUAS QUE SE IMPARTIRÁN NAS ÁREAS.

Na nosa contorna galegofalante o reto segue a ser que os alumnos e alumnas consoliden unha competencia plena na súa lingua materna, non abandonen o seu uso e acaden unha boa competencia a nivel oral e escrito. Así mesmo é fundamental que adquiran tamén unha competencia plena na outra lingua oficial, tanto a nivel oral como escrito (dentro das súas posibilidades evolutivas). Consideramos ademais que a introdución da segunda lingua (no noso caso, a lingua castelá) debe ser inicialmente no plano oral como paso previo antes de iniciar a escrita, aspecto a ter en conta na Educación Infantil.

Segundo se dispón no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, e as Instrucións para a súa aplicación, a lingua predominante do alumnado na etapa de educación infantil deberá determinala o centro educativo, mediante a súa fixación e posterior aprobación no proxecto lingüístico de centro. Co fin de levar a cabo tal resolución, teranse en conta os seguintes parámetros:

- a) Resultado da pregunta aos pais, nais, titores/as ou representantes legais do/a alumno/a antes do comezo do curso escolar acerca da lingua materna do seu fillo ou filla.
- b) Realidade sociolingüística do contorno.
- c) Garantía da presenza das dúas linguas cooficiais como vehiculares na programación anual do centro e, polo tanto, da adquisición de coñecementos nas dúas linguas.

Así pois, o profesorado usará na aula a lingua materna predominante entre o alumnado, ben que deberá ter en conta a lingua da contorna e procurar que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia dentro dos límites da etapa.

Os resultados da consulta aos pais, nais, titoras ou representantes legais do alumnado para obter información respecto da lingua materna predominante nos últimos anos, din que o galego segue sendo predominante. A segunda lingua, o castelán, será introducida paulatinamente con diversas actividades.

En relación ás linguas que se deben empregar nas programacións e outros documentos didácticos, segundo se dispón no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, redactaranse, con carácter xeral, na lingua respectiva.

6. MATERIAIS E RECURSOS ESPECÍFICOS

O EDLG para acometer as súas actividades prevé que poida dispor, entre outros, dos seguintes **recursos materiais**:

- Subvención que anualmente concede a Consellería para os EDLG.
- Material impreso ou de outra índole que se poida recibir doutras asociacións, institucións e organismos públicos e/ou privados.
- Material do que poidamos dispoñer nos nosos centros que sexa necesario para levar a cabo diversas actividades (*ordenadores, tabletas, robots, teléfonos móbiles...*).
- Materiais que realizará o profesorado.
- Materiais que se realizarán en colaboración coas familias.

- Materiais que nos proporciona o concello.

E, como **recursos humanos**, contaremos con:

- Todo o profesorado que compón o EDLG, así como todo o persoal docente e non docente do centro.
- As familias.
- Persoal da administración, concello de Valga e centros educativos locais que poidan colaborar con nós nalgunhas das actividades propostas.
- Con entidades locais (ANPA, Centro de Día...).
- Con persoas ou entidades de fóra da comarca ás que acudiremos para desenvolver diferentes actividades.

7. MEDIDAS ADOPTADAS PARA QUE O ALUMNADO QUE NON TEÑA O SUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS POIDA SEGUIR CON APROVEITAMENTO AS ENSEÑANZAS QUE SE LLE IMPARTEN.

O primeiro eslabón na detección de necesidades é o mestre, mestra, titor ou titora, que a partir da avaliación inicial e continua, identificará as necesidades existentes e aplicará as medidas preventivas e de axuste ordinario ao seu alcance. Cando a valoración de necesidades desborde as posibilidades do titor ou titora, este recurrirá ao Departamento de Orientación, que levará a cabo a preceptiva avaliación psicopedagóxica regulada na Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes.

A partir da detección e valoración inicial das necesidades organizaranse os apoios e estableceranse as medidas pertinentes, tanto apoio na aula por parte do profesorado que

teña horario disponible, como do mestre ou mestra de Pedagogía Terapéutica ou Audición e Linguaxe se fora preciso.

Para o alumnado estranxeiro, o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario en Galicia, establece que a administración elaborará un plan dirixido ao alumnado con necesidades educativas especiais, que asegura a capacitación lingüística nas linguas oficiais.

Por último, tendo en conta que practicamente a totalidade do alumnado do noso centro é galegofalante destacar que o alumnado que descoñeza a lingua galega estará inmerso nun contexto que favorecerá a rápida adquisición da mesma, especialmente no plano oral. No caso do alumnado que descoñeza as dúas linguas oficiais empregaranse recursos visuais tales como iconas coa fin de garantir a comunicación con este alumnado.

8. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

Segundo o Decreto 79/2010 xa citado, para potenciar o uso da lingua galega constitúíronse nos centros un Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG). No mes de setembro configuráronse dito equipo seguindo o procedemento establecido na normativa vixente.

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega deste centro educativo reunirase cunha periodicidade mínima mensual, independentemente do traballo que realicemos de forma conxunta ou coordinada.

8.1. FUNCÍONS

A. COORDINADOR/A

Segundo o regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (decreto 374/1996, do 17 de outubro), a coordinación do equipo será desempeñada por un profesor/a, preferentemente con destino definitivo no centro que será nomeado/a polo director/a por proposta dos compoñentes do equipo e desempeñará as súas funcións durante dous anos, renovables, se é o caso, e cesará ao final deles ou cando se dea dalgunha das causas previstas no artigo 59º.

Son competencia do/a coordinador/a:

- a) Colaborar na elaboración da Concreción Curricular.
- b) Responsabilizarse da redacción dos planos que han de ser propostos á comisión de coordinación pedagóxica.
- c) Convocar e presidir as reunións de equipo.
- d) Responsabilizarse da redacción das actas de reunión, así como da redacción da memoria final de curso, na que se fará unha avaliación das actividades realizadas que se incluírá na memoria de centro.
- e) Proporcionarlles aos membros da comunidade educativa información sobre as actividades do equipo e de todos aqueles actos e institucións culturais relacionados coa realidade galega.

B. EQUIPO

É competencia do Equipo de Dinamización da Lingua Galega:

- a) Presentar, a través do claustro, propostas ao equipo directivo para a fixación dos obxectivos de normalización lingüística que se incluírán no Proxecto Educativo.

- b) Propoñer á Comisión de Coordinación Pedagóxica, para a súa inclusión na Concreción Curricular, o plan xeral para o uso do idioma, no cal se deberá especificar, cando menos:
 - Medidas para potenciar o uso da lingua galega nas actividades do centro.
 - Proxectos tendentes a lograr unha valoración positiva do uso da lingua propia e a mellorar a competencia lingüística dos membros da comunidade educativa.
- c) Propoñer á Comisión de Coordinación Pedagóxica, para a súa inclusión na Concreción Curricular, o plan específico para potenciar a presenza da realidade galega, cultura, historia, xeografía, economía, etnografía, lingua...etc no ensino.
- d) Elaborar e dinamizar un plan anual de actividades tendentes á consecución dos obxectivos incluídos nos plans anteriores.
- e) Presentar para a súa aprobación no consello escolar o orzamento de investimento dos recursos económicos dispoñibles para estes fins.
- f) Aqueloutras funcións que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional prevexa na súa normativa vixente.

9. PLURILINGÜISMO

O Artigo 5º do Decreto 79/2010, establece no seu apartado referido á educación infantil:

1. Na etapa de educación infantil, o profesorado usará na aula a lingua materna predominante entre o alumnado, ben que deberá ter en conta a lingua do contorno e procurará que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia dentro dos límites da etapa ou ciclo.
2. A lingua materna predominante do alumnado será determinada polo centro educativo de acordo ás Instrucións para a aplicación de dito Decreto xa enumeradas.

3. Atenderase de xeito individualizado ao alumnado tendo en conta a súa lingua materna. A estimación sobre o emprego das linguas en 4º curso de educación infantil establecerase segundo os datos do formulario de avaliación inicial cumprimentado polas familias.

Dentro do programa de Plurilingüismo que se leva a cabo no centro, ademais das sesións da especialista en lingua estranxeira, a metade das sesións de educación física tamén serán impartidas en inglés. Como apoio a este programa, o alumnado contará coa presenza na aula dun /dunha Auxiliar de Conversa.

10. AVALIACIÓN

Segundo o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo, a avaliación do Proxecto Lingüístico do Centro debe ser aprobado e avaliado polo Consello Escolar (art.14º). Previamente, realizaremos una valoración deste na Comisión de Coordinación Pedagóxica, e as propostas que xurdan trasladaranse á reunión do Claustro de profesorado para o seu debate. As conclusións expoñeranse no Consello Escolar, quen, como xa indicamos, aprobará o Proxecto Lingüístico.

Este proxecto remitiráselle cada catro cursos escolares ao Servizo de Inspección Educativa. Anualmente, elaborárase unha addenda do Proxecto Lingüístico na cal consten:

- Os resultados en Educación Infantil, da pregunta aos pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumnado para obter información respecto da lingua materna predominante entre o alumnado, e as actividades e estratexias de aprendizaxe para que o alumnado adquira de forma oral e escrita, o coñecemento das linguas oficiais.

- Información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizados polo centro educativo no curso anterior e información do que se vai desenvolver no seguinte curso.

ANTÍA RAQUEL PIÑEIRO OTERO, como directora do CRA de Valga,

CERTIFICA

Que este Proxecto Lingüístico do Centro recibiu a conformidade do Claustro de Mestres/as e a aprobación do Consello Escolar o 28 de maio de 2024.

Valga, a 29 de maio de 2024

Vº e Pr.

A Directora

A Coordinadora do EDLG

Asdo: Antía Raquel Piñeiro Otero

Asdo: Paula Rodríguez Noya